



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO SOBRE A REALIZACIÓN DA SEGUNDA FASE DA CONVOCATORIA 2018 DE ADXUDICACIÓN DE AXUDAS AO ABEIRO DAS EDLP APROBADAS AOS GALP

ANTECEDENTES

1. O 9 de xuño de 2016 foi publicada a orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.
2. A Disposición derradeira primeira faculta á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.
3. O 19 de xaneiro de 2018 foi publicada a Orde do 19 de decembro de 2017 (tramitada como anticipado de gasto) que fixou o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2018 para a concesión de axudas.
4. O punto 3 do artigo 18 da orde de bases reguladoras das axudas establece que *“de non esgotarse o crédito orzamentario para a anualidade correspondente, poderá realizarse unha nova fase de adxudicación de axudas, coas solicitudes presentadas ata o 1 de setembro de cada ano, co límite do crédito dispoñible”*.
5. A primeira fase da convocatoria 2018 de proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP foi resolta notificándose a resolución das axudas concedidas e a inclusión en lista de agarda dos proxectos seleccionados, lista que está pendente de resolución.
6. A resolución das axudas a proxectos incluídos na lista de agarda esgotaría o crédito dispoñible para proxectos non produtivos nas anualidades 2018 e 2019 e para proxectos produtivos na anualidade 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016.
- Orde do 19 de decembro de 2017 que fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2018 para a concesión de axudas.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, e tendo en conta a imposibilidade de determinar con anterioridade ao 1 de setembro o importe do crédito dispoñible para unha nova fase de adxudicación, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro





RESOLVE

Non realizar unha nova fase de adxudicación de axudas para a convocatoria 2018 ao existir unha lista de agarda que esgotaría o crédito da anualidade 2018.

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente por falta de crédito poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa nese sentido, sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

Os proxectos cun investimento material e con acta de non inicio incluídos en lista de agarda que non sexan finalmente subvencionados por falla de crédito, poderán terse en conta na convocatoria inmediata seguinte, se así o manifesta o promotor.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

